



BANDO

D. Rafael Perez Vazquez , Alcalde-Presidente do Concello de A Mezquita, polo presente,

FAI SABER:

Que a Vicepresidencia segunda e consellería de Economía, empresa e innovación, pola ORDE do 16 de decembro de 2021, establece as bases reguladoras para a concesión de axudas urxente de tipo social (AUXS) para evitar os cortes de suministro eléctrica aos consumidores vulnerables severos e en risco de exclusión social (código de procedemento IN414D)

PERSOAS BENEFICIARIAS:

Poderán solicitar esta axuda as persoas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia que teñan a consideración de consumidor vulnerable severo en risco de exclusión social. Terán esta consideración aquelas persoas que reúnan os requisitos para ser consumidor vulnerable severo establecidos no artigo 3 do Real decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable.

REQUISITOS :

- a) Ser residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Ser o/a titular do contrato de subministración eléctrica.
- c) Ter contratado o prezo voluntario ao pequeno consumidor (PVPC) con aplicación do bono social de consumidor vulnerable severo (desconto do 40 %), para o que deberán cumprir os límites de renda establecidos.
- d) Estar en risco de exclusión social, o que será acreditado mediante certificado ou informe social expedido polos servizos sociais.

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACION

As persoas interesadas poderán informarse, a través do departamento de Servizos Sociais do Concello dende o día 13 de xaneiro ata o día 30/10/2022. As solicitudes da axuda cubriranse a través do formulario dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, ou ben denden a ligazón <https://axudascortes-subministración.xunta.gal>.

O Alcalde

D. Rafael Perez Vazquez

(Asinado dixitalmente na marxe)

